



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EF

EDUCACIÓN PRIMARIA

ENRIQUE BLANCO GUILLÉN

JOSÉ BERNARDO MONTERO DOCE

CEIP A GÁNDARA (NARÓN)

2020/2021

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
CONTEXTUALIZACIÓN	3
ADAPTACIÓN DA EF AO COVID-19	4
METODOLOXÍA	5
AVALIACIÓN	5
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	7
TEMPORALIZACIÓN-PERFÍS DE ÁREA E COMPETENCIAIS	10
• 1º-2º NIVEL DE PRIMARIA	10
• 3º-4º NIVEL DE PRIMARIA	17
• 5º-6º NIVEL DE PRIMARIA	25

1. INTRODUCCIÓN

Como todos os anos, na área de EF presentamos a Programación Didáctica, na que detallamos todos os estándares de aprendizaxe e competencias a alcanzar polo alumnado de 1º a 6º de Primaria, divididos en Unidades Didácticas, encadradas a súa vez nos tres momentos que avalíamos, 1º, 2º e 3º avaliación.

Este ano, por mor da pandemia do COVID-19 preséntase un chisco diferente, xa que según os **protocolos de adaptación do 14 de xullo, 31 de agosto e 16 de setembro**, obríganos a ter un plan B, no caso dun hipotético confinamento. Este plan B, consiste en adaptar a nosa programación a unha ensinanza a distancia, ou dito doutra forma, non presencial. Polo tanto a programación que a continuación desenvolveremos será como un híbrido. Mentres podamos traballar diariamente no centro avaliaremos dunha maneira e no caso dunha volta forzada a casa, o faremos doutra.

A continuación pasaremos a comentar os apartados de contextualización, adaptación da área de EF, máis en concreto, as sesións, á problemática do coronavirus, para posteriormente desenvolver puntos importantes como a metodoloxía, a avaliación, a temporalización e rematar co perfil de área e competencial de cada nivel de primaria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O noso centro, como ben sabedes está encadrado nun dos barrios urbanos e máis concorridos do concello de Narón. Todos os grupos (A e B) son moi numerosos, tendo entre 24 e 25 nenos/as por aula. Como en anos anteriores aos grupos A impártelles docencia Enrique Blanco Guillén e nos grupos B faino Jose Bernardo Montero Doce.

Este ano e por mor de todo o relacionado coa pandemia, chegamos á conclusión de que desenvolveremos as nosas sesións de EF ao aire libre, para que o alumnado dispoña ao longo da mañá de certos momentos ao aire libre xunto co recreo. Ademais neste curso tampouco dispoñemos do ximnasio, xa que esta estancia a utilizará o centro como anexo ao comedor, no caso de ter que facer varias quendas neste servizo.

Polo tanto os espazos a empregar para levar a cabo as sesións serán, os dous patios cubertos, no caso de climatoloxía adversa, a pista polideportiva, a pavimentada e as zonas verdes do centro. O material que utilizaremos nas mesmas será o mínimo posible e sempre desinfectando o mesmo antes e despois de cada xogo ou actividade. Ademais pedíuselle ao concello de Narón a posibilidade de utilizar o pavillón da mocidade durante a xornada lectiva, recibindo unha resposta positiva desde a concellería de deportes.

Por outra banda, gustaríanos este ano seguir acercándonos e coñecendo aos clubs deportivos da parroquia da Gándara, do concello de Narón e doutras localidades. O curso pasado tivemos experiencias enriquecedoras co Clube Balonmán Narón ou mesmo co club de ciclismo Pulpeiros de Mugar dos. Este ano, por mor da pandemia, esperaremos a que a situación mellore e no caso de que isto ocorra, intentaremos repetir estas maravillosas experiencias.

3. ADAPTACIÓN DA EF AO COVID-19

Seguindo os protocolos anteriormente citados, nas clases de EF o alumnado ten a obriga de levar posta a máscara. Únicamente poden quitala no caso de estar SEMPRE separados por unha distancia de 2 metros. Como ben sabedes, as sesións de EF son todo o contrario a unha clase convencional en aula. Soen ser activas, dinámicas e colaborativas. Polo tanto vémonos na obriga de que os nenos/as empreguen en todo momento a máscara. Tamén hai que dicir que somos conscientes de que coa máscara o alumnado fatígase antes e ten que estar constantemente hidratándose, polo que adaptaremos as actividades e xogos presentados. Por exemplo, nos tempos (menor duración) e nas pausas (máis que en anos anteriores e máis prolongadas).

Seguiremos, polo tanto, unha rutina en todas as nosas sesións para que os nenos/as se interioricen e logo as fagan de forma mecánica. Por exemplo, baixaremos sempre aos patios exteriores en fila de a un/unha, mantendo unha distancia interpersoal de 1,5 metros. Xa no patio, terán marcados varios puntos nos que se colocarán tanto nas explicacións dos mestres coma nos sucesivos descansos e deixarán nestes puntos asignados (separados entre si 1,5 metros) as súas pertenzas, que serán as mínimas (botella de auga e sudadera). Antes do inicio da sesión e ao rematar a mesma aplicaráselle xel desinfectante a cada alumno/a, así como tamén durante o transcurso da mesma se fose necesario. E o mesmo ocorrerá co material empregado. Xa nas voltas ás aulas, volveremos ás mesmas polos camiños asignados, desinfectando o calzado antes de entrar ao edificio escolar.

Con respecto ao tema dos hábitos de hixiene como era o aseo “express” e cambio de camiseta nos vestiarios, traballado en anos anteriores, o deixaremos en “stand by” mentres a situación epidémica non mellore, xa que os vestiarios e baños teñen un aforo de 2 persoas e ademais de que non se cumprirían as distancias interpersoais, non sería tampouco práctico a nivel organizativo.

Xa para rematar con este apartado, no caso de meteoroloxía moi adversa, suspenderemos ás sesións prácticas e permaneceremos nas aulas visionando vídeos ou facendo algunha ficha dos contidos que estamos a traballar nese determinado momento.

4. METODOLOXÍA

Partindo sempre dos protocolos educativos (distancia e uso de máscara) intentarase potenciar, na medida do posible, a colaboración e a participación entre o alumnado, así como tamén valores básicos como a solidariedade e o respecto entre iguais.

Nos primeiros niveis da primaria empregaremos (sobre todo nos primeiros meses) estilos de ensinanza máis dirixidos como podería ser o mando directo ou mesmo a asignación de tarefas, para posteriormente e vendo a evolución do alumnado, ir abrindo a man e que sexan cada vez máis autónomos. Xa nas etapas finais, predominarán os estilos de ensinanza máis participativos, como poden ser o descubrimento guiado e a resolución de problemas.

Como todos os anos, para nos resultará fundamental o uso do xogo, recurso metodolóxico importantísimo. Este convértese nunha ferramenta motivadora para o alumnado, co cal acadamos e traballamos os estándares e competencias plantexados na programación.

Respecto ás partes da sesión (Santos Berrocal), esta modificarase/adaptarase á problemática actual da COVID-19. Comezaremos cunha pequena fase de información, na que explicaremos moi rapidamente que vamos a traballar na sesión, aproveitando a mesma para a desinfección de mans. Posteriormente pasaremos á animación, na cal levaremos a cabo un xogo ou actividade moi dinámica, na que todo o alumnado se estea movendo e participando. Xa na parte principal, alcanzaremos e traballaremos aquilo que consideremos oportuno (2 ou 3 actividades ou xogos, con pausas para hidratación e descansos para recuperarse do esforzo coa máscara). Finalmente chegamos á volta a calma, onde faremos algunha actividade para baixar as pulsacións. Mentres ca última fase (análise dos resultados), a empregaremos para a recollida do material e desinfección do mesmo e das mans, comentando algo da sesión no caso de ter tempo.

5. AVALIACIÓN

Na avaliación seguiremos a **Orde do 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Según esta orde, a avaliación considérase integrada no proceso de ensino aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción de medidas de atención á diversidade.

A avaliación polo tanto terá como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no na EF, e na adquisición das competencias claves. Ademais os mestres/as avaliarán tamén os procesos de ensinanza e propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.

Por outra banda os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logros dos obxectivos de etapa na avaliación da área de EF serán os criterios de avaliación (**D105/2014 do 4 de**

setembro) e os **estándares de aprendizaxe** que figuran en cada un dos perfís de área e competencias das unidades didácticas das que se compón a programación. Ademais a avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta as situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formula integradora.

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE PRESENCIAL OU A DISTANCIA

Como podedes observar no perfil de área e competencial, existen estándares tanto para actividade presencial como para a educación a distancia. No caso dun curso sen sobressaltos, pois cada estándar terá un porcentaxe que se avaliará por medio dunha escala de valoración. Estes estándares poderán avaliarse por medio dunha, pola realización práctica dun exercicio ou mesmo polo desenvolvemento dun xogo. Tamén haberá estándares para avaliar o comportamento (C), a hixiene ou o material (H) e tamén o uso das novas tecnoloxías (NT). A suma de cada un dos estándares, dará como resultado a nota de cada avaliación. Sendo a nota final a media das tres avaliacións.

No caso dunha posible confinamento, e polo tanto un retorno á educación a distancia, empregaríamos os estándares chamados ON LINE. Para avaliar os mesmos, os nenos/as terían que levar a cabo as fichas enviadas polos mestres, vía aula virtual no caso de 3º a 6º de primaria (obligatorio), ou por outros medios (correo electrónico, blogues...) no caso de 1º e 2º (non obligatorio o uso da aula virtual), así como tamén a gravación e o envío de vídeos dalgunha actividade ou xogo da sesión semanal enviada polos mestres. Unha vez recibidas as actividades e vídeos avaliaríanse por medio dunha escala de valoración os citados estándares de aprendizaxe ON LINE. A suma dos porcentaxes dos mesmos, daríanos a nota de cada avaliación. Coma na actividade presencial, a nota final resultará da media das tres avaliacións.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán os seguintes:

- Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación didáctica.
- Selecciono os estándares de aprendizaxe da miña programación de aula tendo en conta as características do alumnado.
- Planifico as sesións de modo flexible, adecuando as actividades ás necesidades e interese do alumnado.
- Establezo as ferramentas de avaliación que me permiten ter un óptimo seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Relaciono as actividades cos intereses, coñecementos previos e limitacións do alumnado.
- Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as e acepto suxestións.

OUTROS

EXEMPLO DE ESCALA DE VALORACIÓN

ESTÁNDAR OU INDICADOR	EXCELENTE	SATISFACTORIO	EN PROCESO	INSUFICIENTE
------------------------------	------------------	----------------------	-------------------	---------------------

TÁBOA DE DISTRIBUCIÓN DE NOTAS

NOTA %	EXCELENTE	SATISFACTORIO	EN PROCESO	INSUFICIENTE
30	3	2.25	1.5	0.75
20	2	1.5	1	0.5
10	1	0.75	0.5	0.25
5	0.5	0.375	0.25	0.125

6. PLAN DE RECUPERACIÓN

Debido ao brusco e violento peche das aulas e polo tanto da actividade presencial no mes de marzo pola pandemia, na área da EF vémonos na obriga de prestarlle especial atención á situación emocional do alumnado, aportándolles moita confianza e seguridade para que o comezo e o transcurso do curso sexa o máis cómodo posible para todos/as.

En canto aos contidos non traballados, temos que dicir que no curso pasado case desenvolveramos a maioría dos estándares de aprendizaxe plantexados, xa que habitualmente o 3º trimestre empregámolo en liñas xerais para repasar e reforzar todo o traballado nos dous anteriores. Está claro, que no caso dalgún estándar sen traballar, cando o retomemos neste curso, analizaremos o punto de partida do alumnado e se o estimamos oportuno, baixaremos o nivel e nos adaptaremos aos mesmos.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ALUMNADO CON HIPERACTIVIDADE OU DÉFICIT DE ATENCIÓN

- Colocar aso nenos/as cerca dos mestres.
- As explicacións serán breves e concisas.
- Repetir varias veces as explicacións de forma diferente.
- Empregar apoio visual naqueles casos máis complexos.
- Comprobar que o entenderon a través de preguntas.
- Facer pequenas demostracións.

ALUMNADO CON CONDUCTAS DISRRUPTIVAS

- Anticipación a posibles situacións desencadeantes de dita conduta.
- Empregar reforzos positivos.
- Recoñecer os pequenos logros.
- Non facer caso ao neno/a, inicialmente, sempre que non moleste aos demais.
- Dirixirse con tranquilidade para non poñelo nervioso/a.

ALUMNADO INTROVERTIDO

- Facer diferentes agrupacións para promover maior interacción.
- Resaltar os logros destes nenos/as para mellorar a súa autoestima.
- Crear na sesión un ambiente de seguridade.

Con todo, neste curso académico 2019/2020 **non é necesario levar a cabo adaptacións curriculares.**

8. TEMPORALIZACIÓN-PERFÍS DE ÁREA E COMPETENCIAL

1º-2º NIVEL DE PRIMARIA

1º AVALIACIÓN				
UNIDADE DIDÁCTICA	1	2	3	4
NOME	HÁBITOS	CORPO	HABILIDADES	XOGOS
MES	SETEMBRO	OUTUBRO	OUTUBRO-NOVEMBRO	NOVEMBRO-DECEMBRO
SESIÓNS	4	6	8	6

2º AVALIACIÓN				
UNIDADE DIDÁCTICA	5	6	7	8
NOME	EXPRESIÓN CORPORAL	EQUILIBRIO	CAPACIDADES	XOGOS TRADICIONAIS
MES	XANEIRO	XANEIRO-FEBREIRO	FEBREIRO-MARZO	MARZO
SESIÓNS	4	4	6	4

3º AVALIACIÓN			
UNIDADE DIDÁCTICA	9	10	11
NOME	CORPO-EQUILIBRIO-SENTIDOS	HABILIDADES-CAPACIDADES	XOGOS NA NATUREZA
MES	ABRIL	MAIO	XUÑO
SESIÓNS	8	8	4

1º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	CAA	5	10
	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables	CSIEE	5	10
	EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.		5	10
2	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.		10	10
	EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.		10	10
3	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.		10	15
	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.		10	15
	EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.		10	15
4	EFB1.1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.		5	
	EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.		5	5
	EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.		5	

1º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	%PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.		10	10
	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.		5	5
	EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.		5	5
6	EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.		20	30
7	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.	CSC	20	30
8	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.		10	5
	EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia.		5	5
	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC	10	10

1º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	CD	10	10
9	EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.		30	40
10	EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.		30	
	EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.		5	
11	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.		5	40
	EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.		5	10

2º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	CAA	5	10
	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.	CSIEE	5	10
	EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.		5	10
2	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.		5	
	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.		5	10
	EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.		5	10
3	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.		10	10
	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.		10	10
	EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.		5	10
	EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.		10	10
4	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.		5	
	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.		5	
	EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.		5	10
	EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.		5	

2º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.		10	10
	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.		5	10
	EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.		5	10
6	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.		10	10
	EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.		10	10
7	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC	20	20
8	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.		5	10
	EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.		5	10
	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC	10	10

2º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD	5	5
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL	5	5
9	EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.		20	30
10	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.		30	40
	EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.		5	
11	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		5	
	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.		10	20
	EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.		5	

3º-4º NIVEL DE PRIMARIA**1º AVALIACIÓN**

UNIDADE DIDÁCTICA	1	2	3	4
NOME	HÁBITOS	CORPO-EQUILIBRIO	HABILIDADES	PREDEPORTES
MES	SETEMBRO	OUTUBRO	OUTUBRO-NOVEMBRO	NOVEMBRO-DECEMBRO
SESIÓNS	4	6	8	6

2º AVALIACIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA	5	6	7	8
NOME	EXPRESIÓN CORPORAL	LATERALIDADE-SENTIDOS	CAPACIDADES	XOGOS TRADICIONAIS
MES	XANEIRO	XANEIRO-FEBREIRO	FEBREIRO-MARZO	MARZO
SESIÓNS	4	4	6	4

3º AVALIACIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA	9	10	11
NOME	CORPO-EQUIL-LAT-SENTIDOS	HABILIDADES-CAPACIDADES	XOGOS NA NATUREZA
MES	ABRIL	MAIO	XUÑO
SESIÓNS	8	8	4

3º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		10	
H	EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde.	CAA	5	10
	EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	CSIEE	5	10
	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados.		5	10
2	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.		5	
	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.		5	5
	EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.		5	10
	EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	CMCCT	5	10
3	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
	EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.		5	10
	EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
4	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase.		5	
	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.		5	
	EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.		5	
	EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.		5	5

	EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		5	
--	---	--	---	--

3º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.		5	5
	EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.		5	5
	EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.		5	5
	EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras.		5	
	EFB4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.		5	
	EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.		5	
6	EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.		10	20
	EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.		10	20
7	EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas.		10	20
	EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.		5	5
	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.		5	
8	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.		5	5
	EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.	CCEC	5	5

	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.		5	10
--	--	--	---	----

3º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		10	
H	EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1.2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	CD	5	5
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL	5	5
9	EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.		10	20
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.		10	20
10	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.		5	
	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CSC	10	20
	EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.		5	
	EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.		10	20
	EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.		5	
11	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		5	
	EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.		5	5
	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.		5	
	EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.		5	5

4º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	CAA	5	5
	EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.		5	5
	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.	CSIEE	5	5
2	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.		5	
	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.		5	10
	EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.		5	10
	EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural	CMCCT	5	10
3	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
	EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.		5	10
	EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		5	10
4	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.		5	

	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.		5	
	EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.		5	5
	EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.		5	10
	EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		5	

4º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.		5	5
	EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.		5	5
	EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.		5	5
	EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.		5	
	EFB4.2.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.		5	
	EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.		5	
6	EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.		10	20
	EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no		5	10

	espazo.			
7	EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.		5	
	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.		10	30
	EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.		5	10
	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.		5	
8	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.		5	5
	EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC	5	5
	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.		5	5

4º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD	5	5
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL	5	5
9	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.		5	
	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.		10	20
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.		5	20
10	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.		5	
	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CSC	10	30

	EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.		5	
	EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.		10	
	EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.		5	10
11	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		5	
	EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.		5	5
	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.		5	
	EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.		5	5

5º-6º NIVEL DE PRIMARIA**1º AVALIACIÓN**

UNIDADE DIDÁCTICA	1	2	3	4
NOME	HÁBITOS	HABILIDADES	ATLETISMO	DEPORTES ALTERNATIVOS
MES	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	NOVEMBRO-DECEMBRO
SESIÓNS	4	8	4	8

2º AVALIACIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA	5	6	7	8
NOME	EXPRESIÓN CORPORAL	CAPACIDADES	BADMINTON	XOGOS TRADICIONAIS
MES	XANEIRO	XANEIRO-FEBREIRO	FEBREIRO-MARZO	MARZO
SESIÓNS	4	6	4	4

3º AVALIACIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA	9	10	11
NOME	HABILIDADES-CAPACIDADES	HABILIDADES-CAPACIDADES	XOGOS NA NATUREZA
MES	ABRIL	ABRIL-MAIO	XUÑO
SESIÓNS	6	10	4

5º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	CAA	5	10
	EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias...		5	10
	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	CSIEE	5	10
2	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.		10	10
	EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.		5	10
3	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.		5	10

4	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.		10	10
	EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.		5	

5º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.		5	10
	EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.		5	5
	EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.		5	5
	EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.		5	
	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.		5	
	EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.		5	
6	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.		5	
	EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.		10	30
	EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.		5	10
	EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.		5	

	EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.		5	
7	EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.		5	
	EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.		5	
	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.		5	30
8	EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC	5	
	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.		5	10

5º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD	5	10
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	CCL	5	10
9	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.		5	
	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CSC	5	20
	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.		5	
	EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.		5	20
	EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.		5	

10	EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.		5	
	EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.		5	
	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.		5	
	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.		5	
	EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT	10	30
11	EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		5	
	EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.		5	10
	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.		5	
	EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.		5	

6º NIVEL DE PRIMARIA-1º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
1	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	CAA	5	10
	EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.		5	10
	EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	CSIEE	5	10
2	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.		10	10
	EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.		10	10
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.		5	10
3	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		5	
	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.		5	10

4	EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.		10	10
	EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.		5	

6º NIVEL DE PRIMARIA-2º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
5	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.		10	10
	EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.		5	5
	EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.		5	5
	EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.		5	
	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.		5	
	EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.		5	
6	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.		5	
	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.		10	30
	EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.		5	10

	EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.		5	
	EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.		5	
7	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.		10	30
8	EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC	5	
	EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.		5	10

6º NIVEL DE PRIMARIA-3º AVALIACIÓN

UD	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMP	% PRES	%O. LINE
C	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		10	
H	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		5	
NT	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD	5	10
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	CCL	5	10
9	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.		5	
	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CSC	5	20
	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.		5	
	EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.		5	20
	EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.		5	

10	EFB1.1.4. Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.		5	
	EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.		5	
	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.		5	
	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.		5	
	EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT	10	30
11	EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		5	
	EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.		5	10
	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.		5	
	EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.		5	

Este programación didáctica caracterízase por ser aberta e flexible, polo que unha vez posta en práctica e detectados posibles erros, cambios ou melloras, poderá ser modificada sempre en beneficio do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado e da propia práctica docente.